

Bases

II Campionato de Formación Profesional Galiciaskills 2012

Índice

1. Que é Galiciaskills.....	3
1.1 Obxectivos.....	3
1.2 Skills en competición	3
1.3 Lugar e data das competicións	4
2. Destinatarios.....	5
2.1 Requisitos.....	5
2.2 Participación	5
2.3 Prazo de inscrición	5
3. Xurado	6
3.1 Funcións do presidente do xurado.....	6
4. A proba e a competición.....	7
4.1 A proba.....	7
4.2 A competición	7
4.2.1 Antes, durante e despois da competición	7
4.2.2 Avaliación	8
4.2.3 Premios	9
5. Información adicional	10

1. Que é Galiciaskills

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convoca o II Campionato Galego de Formación Profesional, Galiciaskills 2012. Organizado pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, e enmarcado en Spainskills e na organización internacional Worldskills, Galiciaskills 2012 pretende darlle unha maior proxección e difusión á formación profesional que se imparte na nosa comunidade autónoma.

Este é un campionato eminentemente práctico, que consiste no desenvolvemento de 20 competicións relacionadas coas especialidades da formación profesional, nas que os participantes han demostrar a súa competencia profesional e medir as súas destrezas con alumnado de distintos centros de Galicia na realización das correspondentes probas.

1.1 Obxectivos

- Pór en valor da calidade e o atractivo das ensinanzas de formación profesional que se imparten nos centros da nosa comunidade autónoma.
- Motivar o alumnado para a mellora da calidade da FP.
- Recoñecer e estimular o labor do profesorado.
- Potenciar as relacións dos centros en que se imparten ciclos formativos coas empresas dos sectores correspondentes.
- Seleccionar o equipo galego que nos represente na Olimpíada de Formación Profesional SpainSkills 2013.

1.2 Skills en competición

Os skills son as especialidades ou profesións en que haberá competición e que se corresponden cun ciclo formativo (ou con máis) das familias profesionais. A duración de cada competición estará entre media e unha xornada, segundo as características das probas que se teñan que desenvolver.

A relación dos skills en que haberá competición é:

- 06. Torneadura.
- 07. Fresaxe.
- 12. Sollado e colocación de azulexo.
- 13. Reparación de carrozarías de vehículos.
- 33. Tecnoloxía do automóbil.
- 36. Pintura do automóbil.
- 16. Electrónica.
- 17. Deseño de páxinas web.
- 39. TI PC soporte de rede.
- 24. Ebanistaría.
- 25. Carpintaría.
- 29. Peiteado.
- 30. Coidados de beleza.

- 19. Control industrial.
- 31. Tecnoloxía da moda.
- 32. Pastelería.
- 34. Cociña.
- 35. Servizo de restaurante e bar.
- 37. Xardinaría paisaxística.
- 40. Deseño gráfico.

1.3 Lugar e data das competicións

As 20 competicións celebraranse nos centros educativos, ao longo do mes de outubro de 2012.

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa anunciará a data de cada competición e publicaráa na páxina web www.edu.xunta.es/fp/galiciaskills

2. Destinatarios

Alumnado de ciclos formativos que voluntariamente queira participar, na compañía do seu profesorado titor e coa conformidade do seu centro educativo.

Cada centro poderá presentar a cada competición un competidor por skill, coa excepción dos seguintes skills:

- Xardinaría paisaxística: participarán dous alumnos por centro, que realizarán a proba en equipo.
- Tecnoloxía da moda: poderán participar ata tres alumnos por centro.
- Sollado e colocación de azulexo, e deseño gráfico: o centro decidirá o número de alumnos que vaian participar.

Será o centro quen determine o sistema de selección dos seus competidores. O competidor levará consigo o seu DNI o día da competición, e acudirá na compañía dun profesor do centro, que actuará como o seu titor e que se encargará da súa preparación para a competición.

2.1 Requisitos

- Os competidores deberán ter unha idade máxima de 21 anos o 31 de decembro de 2012.
- Deberán estar matriculados nun ciclo formativo no curso 2012-2013.

2.2 Participación

Os centros que queiran presentar competidores a calquera dos skills arriba relacionados deberán facer efectiva a súa participación en GaliciaSkills 2012 cubrindo unha solicitude de inscrición por cada skill en que participen. Esta solicitude de inscrición, que se atopa nesta páxina web, deberán remitila ao seguinte enderezo de correo electrónico: sxopre@edu.xunta.es

O profesor titor comprométese á preparación do alumno para a competición GaliciaSkills e, de ser o caso, para o campionato Spainskills. No caso de resultar gañador na edición estatal supervisará a preparación do alumno para as competicións internacionais, para o que contará coa colaboración do xefe de expertos e as empresas patrocinadoras.

Durante o desenvolvemento do campionato realizaranse reportaxes fotográficas que se utilizarán para a súa difusión; os participantes autorizan a utilizar estas fotos e vídeos para tal fin.

A participación neste campionato implica a aceptación das súas bases. A interpretación destas bases resérvase para a organización.

2.3 Prazo de inscrición

Os centros deberán remitir unha solicitude de inscrición por cada skill en que participen, e dispoñen do seguinte prazo: entre o día 1 de febreiro e o día 31 de marzo de 2012.

3. Xurado

Logo de finalizado o prazo de inscrición constituiranse os xurados. Para cada skill haberá un xurado composto polo experto do skill para Galicia, que será o seu presidente, e polo profesorado titor do alumnado que participe e, de ser o caso, por representantes das empresas patrocinadoras.

Este xurado será o encargado da elaboración das probas e será responsable da avaliación dos participantes. A súa decisión será inapelable.

Os membros do xurado que sexan profesores do centro onde cursa estudos algún dos participantes absteranse de avalialo.

3.1 Funcións do presidente do xurado

- Establecer as bases de funcionamento do seu skill, respectando as bases xerais da convocatoria, e comunicalas á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
- Supervisión e elaboración das probas da súa competición.
- Explicación das bases de funcionamento ao xurado, ao profesorado e ao alumnado participante.
- Mantemento de contactos coas empresas do sector para conseguir patrocinadores.
- Comprobación de que os participantes cumpran os requisitos de participación.
- Previsión e organización do material necesario para o desenvolvemento da competición.
- Supervisión e coordinación da competición.
- Envío á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da acta da competición do skill que lle corresponda, na que se determinará quen é o gañador.

4. A proba e a competición

4.1 A proba

Logo de constituídos os xurados elaboraranse as bases de cada skill, nas que se establecerá, tendo en conta as características propias de cada skill, o procedemento de elaboración das probas. Unha proposta tipo de proba ten que estar en coñecemento de todos os titores o día 30 de abril.

- En calquera caso a proba poderá modificarse ata un máximo do 30 % antes da competición.
- Cumprirá xuntar á proba un esquema de puntuación cos aspectos que teñen que ser avaliados.
- A duración de cada competición pode variar segundo as características propias de cada skill, e en ningún caso será superior a unha xornada.
- A desmontaxe do taller e das instalacións non pode comezar ata que finalicen todas as avaliacións, excepto se o autoriza o xurado.
- A organización ten que proporcionarlle a cada competidor o posto de traballo correspondente.
Cada participante ten que levar a roupa de traballo e achegar as ferramentas que se especifiquen nas bases do skill en que participa.

4.2 A competición

Cada competición realizarase de acordo co especificado nas súas bases. Cada xurado establecerá as bases de cada skill, que será o documento de referencia sobre cada competición, así como para a elaboración da proba.

4.2.1 Antes, durante e despois da competición

Antes da competición

- Os competidores deben ler toda a documentación correspondente ao campionato e ser informados sobre as bases deste e as da competición, os criterios de avaliación e calquera outra consideración necesaria. Será o profesor titor quen se encargue desta tarefa de información, así como das ferramentas e de calquera outro equipamento ou materiais que teñan que levar á competición.
- O competidor prestará atención ás normas de seguridade e hixiene propias do seu skill durante toda a competición.
- O mesmo día da competición disporá de 10 minutos para preparar o lugar de traballo, revisar e preparar os aparellos e o material do seu posto de traballo, baixo a supervisión dos membros do xurado.
- Antes de comezar a proba, o competidor poderá realizar preguntas e confirmará que está preparado para comezar.

- Neste momento o xurado ten que comprobar os datos persoais dos competidores (DNI o calquera outro documento oficial acreditativo da súa identidade).
- O xurado ten que examinar as ferramentas e os materiais que achegue cada participante, e pode eliminar todo o que non considere axeitado para o desenvolvemento da competición.

Durante a competición

- Os participantes son responsables do propio material e das ferramentas.
- O participante ten que esperar a que o presidente do xurado autorice o inicio e o final da competición.
- Durante a realización da proba non se pode manter ningún contacto cos outros participantes, co profesor titor ou calquera outra persoa externa ao xurado.
- Está prohibido o uso de teléfonos móbiles ou calquera outro equipamento electrónico de intercambio de información.
- Son de obrigado cumprimento todas as normas de seguridade e hixiene relativas ao skill. O calzado e o vestiario teñen que cumprir estas normas.
- Quedan excluídos da competición os participantes que non se presenten na hora prevista para o comezo da proba ou non teñan unha conduta adecuada, ou non cumpran as bases da competición ou as directrices do xurado ou dos membros da organización.
- Durante o desenvolvemento da competición o xurado pode deliberar e puntuar a cada participante.
- O presidente do xurado velará polo bo funcionamento da competición e resolverá os conflitos, de ser o caso.
- O xurado e a organización teñen que resolver calquera aspecto que non estea incluído nas bases da competición, sempre que sexa necesario.

Despois da competición

- Ao finalizar a competición, os participantes poden intercambiar opinións e experiencias cos outros participantes, profesores titores, membros do xurado e membros da organización. Este intercambio só pode estar relacionado cos métodos, as ferramentas, os aparellos, a maquinaria, etc., e non coa proba realizada.
- O presidente do xurado ten que dar instrucións para recoller os aparellos, as ferramentas, o equipamento, etc.
- O posto de traballo e a maquinaria teñen que quedar completamente limpos e en orde, e son responsables os participantes e os profesores titores.
- Os competidores teñen que aceptar as decisións dos membros do xurado.

4.2.2 Avaliación

As probas da competición serán avaliadas polos membros do xurado, que teñen que avaliar, segundo os criterios establecidos, todos os participantes excepto o competidor do seu centro.

Para levar a cabo a avaliación, o xurado ten que dispor dun formulario de avaliación con todos os puntos que haxa que valorar, e tamén a puntuación máxima correspondente a

cada un deles.

Cada membro do xurado ten que entregarlle ao presidente do xurado o formulario de avaliación, logo de realizada esta, así como a documentación que se considere. O presidente e un membro da organización sumarán as puntuacións de cada competidor e elaborarán a acta de avaliación final, onde consten os premiados.

A clasificación tense que determinar en función da puntuación total obtida por cada participante.

4.2.3 Premios

- O competidor con maior puntuación en cada skill obterá a medalla de ouro nese skill, e representará a Comunidade Autónoma de Galicia na olimpíada Spainskills 2013.
- O competidor coa seguinte mellor puntuación en cada skill obterá a medalla de prata nese skill, e será o suplente para representar a Galicia na olimpíada Spainskills 2013.
- Os premios faranse públicos nun acto conxunto de entrega de premios e diplomas.
- O profesorado titor do alumnado coa maior puntuación deberá continuar coa súa preparación de cara á olimpíada estatal.
- Os gastos de desprazamento, aloxamento e manutención durante os días da olimpíada estatal serán a cargo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Se un alumno da Comunidade Autónoma de Galicia gaña a olimpíada Spainskills 2013, representará a España nese skill nos campionatos internacionais da formación profesional, Worldskills e Euroskills, cos gastos a cargo do Ministerio de Educación.
- Todos os competidores recibirán un diploma que certifique a súa participación en Galiciaskills 2012.
- Así mesmo, o profesorado (expertos e titores) recibirá a correspondente certificación de participación na actividade de innovación educativa Galiciaskills 2012, cunha equivalencia de 15 horas de formación permanente do profesorado.

5. Información adicional

Toda a información sobre o campionato publicárase na páxina web www.edu.xunta.es/fp/galiciaskills. As dúbidas ou consultas serán atendidas no seguinte número de teléfono 981 546536.